

NON HAI CONVENIO

A día de hoxe estamos sen Convenio nin perspectivas de alcanzalo. A prórroga acordada é ata o vindeiro venres 26 e aínda que estamos a traballar a fondo non podemos ser nada optimistas.

Por que non hai Convenio de Banca?

- AEB veu ao Convenio co reforzo legal da reforma laboral que determina o fin da vixencia a un ano vista do inicio de negociacións, o peor dos escenarios posibles.
- Con iso, máis a situación de crise e paro que todos coñecemos, e as anunciadas dificultades para o emprego polas fusións, AEB considerou que podería impoñernos un recorte xeral de salarios e dereitos.
- AEB non renunciou a algunhas das súas pretensións que fan imposible un acordo, como a eliminación da antigüidade ou a ampliación do límite da mobilidade xeográfica.

Hai algúns motivos para pensar que aínda pode haber Convenio:

- Continúase traballando para o acordo. Ambas as partes temos firme compromiso, e interese, en que haxa Convenio de Banca.
- Negóciase e discute no mesmo esquema, coa base dunha alternativa completa de Convenio presentada por CCOO e sobre o Acordo de prórroga subscrito en decembro.
- CCOO e UXT mantemos, e coidamos, unha posición de entendemento común ante AEB, nas reunións para o desenvolvemento do Acordo de prórroga.

Que Convenio é posible?

- CCOO e UXT presentamos propostas de renovación do Convenio, tentando resolver os problemas coñecidos do sector e superar a etapa anterior que en niveis salariais obrigou a sacrificios, e que na actual de recuperación cremos xusto.
- AAEB presentou a súa plataforma coa escusa de modernizar, actualizar, adaptar, o Convenio ás novas realidades. CCOO consideramos que se se trata de modernizar, nós máis que ninguén..
- En consecuencia, presentamos propostas de modernización sobre os verdadeiros retos do sector: emprego, normas deontolóxicas, responsabilidade social, xornada, consolidar a libranza dos sábados, saúde laboral, igualdade e conciliación,...
- E tamén presentamos propostas de modernización da estrutura salarial, para superar algunhas disfuncións entre bancos e conceptos salariais ou un sistema progresivo de participación en beneficios, así como unha nova proposta de clasificación profesional, que adecue función e nivel e faga máis clara a promoción.
- Nese Convenio posible non pode haber eliminación da antigüidade, nin ampliación da mobilidade xeográfica, nin fixar nas 15,75 pagas o estándar salarial do sector, nin unha clasificación profesional que permita o todos para todo, nin outras pretensións de AEB que chocan coa modernidade que pregoa.



Por que nos prexudica o fin da ultractividade do Convenio?

- ❑ É relativamente fácil comprender que estamos peor sen Convenio que con el. O Convenio é a base de case todos os nosos dereitos
- ❑ A intención da reforma laboral é precisamente debilitar a posición da bancada social, ao impoñer un límite á negociación e a perda legal do Convenio.
- ❑ Aínda que hai sentenzas, nada menos que do Supremo, que tratan de cubrir ese oco lexislativo, o nivel de incerteza xurídica, que as mesmas sentenzas recoñecen, sobre como se manteñen os dereitos do Convenio convertería nunha selva intransitable a defensa de calquera deses dereitos. Para os novos ingresos, ningunha garantía.
- ❑ O fundamental: acábase a Mesa de negociación, non hai alternativa nin previsión ningunha para recuperar o Convenio.

Que están a achegar CIG, ELA, LAB ou CXT?

- ❑ CIG, ELA e LAB están na Mesa, non asinaron o Acordo de prórroga, e teñen decidido de antemán e así o dixeron na Mesa, que non van asinar o Convenio, como non asinaron ningún dos anteriores, incluído o vixente. Están no seu dereito e darán conta aos seus afiliados e votantes. Xa estamos afeitos a que, ademais, a culpa de todo témola CCOO e UXT.
- ❑ Con CXT a diferenza está en que os primeiros parecen querer axudar e polo menos non estorban. CXT non está na Mesa do Convenio porque así o decidiron os traballadores, hai agora un ano, e así ratificou a Audiencia Nacional porque querían conseguilo cun Conflito Colectivo e nin sequera cadraban as súas contas.

Sentenza perdida que se une á que acaban de perder contra BBVA e complicanos o Convenio porque o fallo di que os técnicos están obrigados a facer todos os traballos administrativos. Como tamén perderon o Conflito contra as cláusulas chan en créditos vivenda dos traballadores de Banesto. Ou perderon no seu día o de aplicación do art. 25.4 sobre posibilidade polas empresas de aplicar a xornada partida. E así tantas das que non informan, pero que a patronal agradece porque confirman as súas posicións e pecha a negociación. Un sindicalismo só de crítica e tribunais non constrúe o noso futuro.

O peor é que non hai folla de CXT en que non dedique polo menos a metade a difamar e atacar a CCOO, con falsidades enteiras ou con medias verdades, confundindo onde está o contrario. Se nós respondemos, algúns nos dirán que engadimos leña ao lume, se non o facemos, que quen cala outorga. A verdade é que o facemos só de cando en vez, non podemos dedicarnos a contestar todo porque nós estamos no principal: defender os dereitos dos traballadores. Cada cal ao seu.

Que nos espera no inmediato, que podemos facer?

- ❑ O noso máximo interese é chegar a un acordo de Convenio, é o que consideramos protexe mellor os dereitos do persoal, empezando polo emprego.
- ❑ Se hai unha posibilidade, por remota que pareza, de arranxar isto, imos pedir a AEB unha nova prórroga da vixencia do Convenio e da negociación.
- ❑ Se finalmente non hai Convenio non haberá máis remedio que acudir á mobilización, de Delegados sindicais e de todo o persoal, para reverter esa situación e volver sentar a AEB á Mesa, ou atopar solucións alternativas. A posibilidade de folga en todas as empresas estaría máis que xustificada, máis ben sería imprescindible.

Seguimos traballando, seguiremos informando.



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**